

A Asamblea provincial fixo unha campaña especial

Campanha da Cruz Vermella en favor das vítimas civís das guerras


□ Hoxe celébrase o Día Internacional dos Dereitos Humanos

O Movemento Internacional da Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella, lanzou neste ano unha campaña mundial para "A protección das vítimas civís das guerras". Na provincia de Ourense quixémosnos sumar a esta campaña, e o longo deste ano traballamos iste tema en diferentes ámbitos de acción como son os da infancia e a xuventude.

Como base para o tratamento diste tema cóntase cun informe elaborado polo "Departamento de Investigacións sobre a Paz e Conflictos", da Universidade de Uppsala (Suecia), elaborado no presente ano. Neste informe faise un percorrido polos conflitos armados existentes na actualidade, o seu desglose e análise ocupando o groso do informe temas como o sufrimento humano, as limitacións dos actos inhumanos para rematar co que poderían ser os retos do noso tempo en canto ó cumprimento dunha normativa moi esquecida que é a do Dereito Internacional Humanitario (D.I.).

Outro punto esencial para o traballo sobor das vítimas das guerras e máis en concreto "Os nenos da guerra" son os dereitos do neno/a. Reseñamos eiquí a importancia que pode ter para o tratamento do tema non so facer mención ós textos universais de contido específico referidos ós nenos e nenas como son: a Declaración Universal dos Dereitos do Neno/a (ONU 1989), senón que tamén hai que referirse a textos universais de contido xeral como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (ONU 1948), artg. 25.2, Pacto de Dereitos Civís e Políticos (ONU 1966), artg. 24 e Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (ONU 1966) artg. 10, e tamén podemos tomar referencias en textos europeos e españois como son a Carta Social Europea (Consello de Europa 1961), artg. 7 e 17 e a Constitución Española (1978) artg. 39.

Con todo o anterior chegamos a que durante o século XX a protección dos nenos e das nenas foi unha constante preocupación da comunidade internacional, pe-



Exposición fotográfica "Os nenos da guerra".

ro cando se destacou foi a partir de 1979 "Año Internacional do Neno", donde aumentou mundialmente o interese a este respecto.

Tomando como base tódolos referentes anteriores, a Asamblea provincial da Cruz Vermella de Ourense, diseñou unha actuación dirixida a difundir a traveso, sobor de todo, dos educadores in-

xóvenes e nenos, da existencia dunhas normas internacionais e universais. Normas que deben ser respetadas e que protexen á poboación civil en situacións de emerxencia. Destacando principalmente as consecuencias inmediatas e a longo prazo que estes conflitos xeneran, en síntesis pode contribuír iste traballo, a

mo rurais polo equipo de monitores e monitoras de Programa de Educación para a Convivencia de Cruz Vermella Xuventude, onde dende a óptica da educación non formal, se desenrola unha acción caracterizada polo tratamento dunha educación para e na paz, así como nos dereitos dos nenos e nenas. Iste traballo estivo baseado nunha metodoloxía participativa, coherente cos obxetivos, creativa, cun xusto reparto nas trefas e con responsabilidades compartidas.

Os niveis e aplicación dos contidos fundamentáronse no nivel individual, social-grupal, social-local e social-internacional, plantexando actividades que favorecen a autoafirmación, a autoestima, o respecto, a tolerancia, a comunicación, a participación, a cooperación, a igualdade e outras actividades e valores sociais. Os colectivos de idades cos que se traballou foron os do ciclo superior e algúns do ciclo medio, xa que se adaptaba mellor esta acción polos contidos suxeridos.

O esquema dos contidos que se solía propoñer ó longo das sesións de traballo eran os seguintes: as magnitudes das guerras e as interferencias cos dereitos dos nenos/as, as ramas impugnables dende o punto de vista humanitario, ¿quén son vítimas da guerra?, os nenos soldados, a normativa ante os nenos e

Leváronse a cabo accións en colexios rurais e urbáns

as nenas refuxiadas ou desplazadas, e outros temas que se aportaron, como solían ser as normas e violacións concretas dos dereitos fundamentais deles.

Ademais fixéronse propostas de debate sobor de textos que reflexaban situacións concretas e de reflexión como o do secretario xeral da Cruz Vermella de Uganda, Peter Oryema, que dixo "moi to se fala de violencia contra inocentes e indefensos civís. Nembargantes non é fácil convencer destes os militares; e as institucións gubernamentais con frecuencia consideran que non están tratando con vítimas indefensas, senón cun enemigo escurridizo e decidido. Creen por exemplo, que os nenos son bos espías e que as mulleres levan armas nos seus sacos de tabaco". Outras actividades propostas foron a creación e elaboración de pequenos periódicos, a participación nun concurso de debuxo; a exposición fotográfica "Os nenos da guerra" e un curso sobre "Dereito Internacional humanitario".

Estas actividades estiveron seguidas por uns instrumentos avaliativos que fan que se valoren como moi enriquecedoras para os seus participantes. Dende a Cruz Vermella somos conscientes da ampla repercusión que tiveron as actividades, así como da continuidade do traballo encetado cos diversos colectivos, propoñemos o seguir con elas.

Durante o século XX a protección dos nenos/as foi una constante preocupación da comunidade internacional

fantis e xuvenis, o coñecemento de normas específicas que protexen ós colectivos máis vulnerables dos efectos que os conflitos armados xeneran.


Unha información axeitada, un soporte pedagóxico práctico e unha metodoloxía activa e participativa, pensamos, poden contribuír a informar tanto a adultos,

despertar o ánimo de todos nunha reflexión profunda sobre os beneficios que a paz aporta á humanidade.

Accións desenvoltas

Entre as accións desenvoltas destacaremos o traballo que se fixo en colexios tanto urbáns co-

Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure a saúde e o benestar.



Creo que me gustan máis os clásicos de sempre...



O NADAL NA CLASE DE INGLES

Esquema da proposta

Obxetivos:

- Conquerir un achegamento á cultura anglosaxona.
- Compara-las tradicións do Nadal en Gran Bretaña coas nosas tradicións.
- Conecta-la lingua coa realidade socio-cultural.
- Facilita-lo emprego da lingua inglesa en situacións reais de comunicación.
- Fomenta-la participación activa do alumno no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.
- Introducir un amplo vocabulario relacionado coas festas.
- Favorece-lo traballo na aula cun grupos multinivelaes.

Tempo: tres sesións dunha hora (flexible).

Nivel:

Principiantes (6º) e intermedio (7º e 8º)


Material: especificando ó comenzo de cada actividade.

Destrezas: intentarase integra-las catro destrezas lingüísticas (falar, escoitar, escribir, ler) ó longo da unidade.

Procedemento:

- Warm-up: o profesor solicitará dos alumnos as tradicións e costumes do Nadal no seu entorno e informaralles sobre as tradicións británicas.
- Actividades.

Panxoliñas



Nivel: principiantes (6º) e intermedios 67º e 8º)

Punto lingüístico: vocabulario do Nadal.

Destreza: comprensión e expresión oral.

Material: fotocopia/cassette.

Léxico: vocabulario do Nadal.

Procedemento: os alumnos irán completando o texto coas palabras que falten (en negrilla) a medida que van escoitando. Despois aprenderán a panxoliña e tratarán de elaborar unha estrofa en galego co mesmo ritmo.

Jingle bells, jingle bells....

Navidad, Navidad dulce Navidad con sus cantos de alegría va anunciando Paz

Viajamos en trineo cantando son cesar alegres melodías en honor al niño Dios. Navidad, Navidad....

MERRY CHRISTMAS (Principiantes)

Feliz Navidad,
Feliz Navidad,
Feliz Navidad
Próspero año y felicidad

Y wanna wish you a Merry Christmas.

Y wanna wish you a Merry Christmas.

Y wanna wish you a Merry Christmas.
from the bottom of my heart.

JINGLE BELLS (Intermedio 7º)

Jingle bells, jingle bells,
jingle all the way.
Oh what fun it is to ride
in a one-horse open sleigh!

Dashing through the snow
in a one-horse open sleigh
over the fields we go
laughing all the way.

Bells on bobtail ring
making spirits bright
what fun it is to ride and sing
a sleighing song tonight!

THE LITTLE DRUMMER BOY

Come! They told me (po-rom-pon-po)

A new born babe to see (po-.....)

Our finest gift we bring (po-.....)

To lay before the King (po-.....)

So to honour him (po-.....)

When we come. (3 times)

Little baby (po-rom-po-pon-pon)

I am a poor boy too (po-.....)

I have no gith to brinh (po-rom-.....)

That's good to give a Kings (po-rom-.....)

Shall I play for you (po-rom-.....)

On my drum? (3 times)

There behind him (po-rom-.....)

The ox and ass kept time (po-rom-.....)

I played my drum for him (po-rom-.....)

I played my best for him (po-rom-.....)

Then he smiled at me (po-rom-.....)

Me and my drum, (3 times).

ACTIVIDADE

Clasifica-las tradicións

Unha das actividades propostas consiste en o seguinte desenrolo:

A).-Verdadeiro-Falso

B).-Clasifica-las tradicións

• Nivel intermedio (7º e 8º)

• Punto lingüístico:

-repaso das estruturas, presente habitual, datas, colocación de adxetivos, etc..

• Destreza:

-comprensión lectora.

• Material:

-fotocopias (texto e actividades)

• Léxico:

-Vocabulario e expresións propias do Nadal. Pates do día e comidas.

• Procedemento:

-partindo do texto o alumno decidirá si as frases dadas son verdadeiras ou falsas.

-clasifica-las tradicións.

CHRISTMAS IN BRITAIN

Christmas day, 25th december, is a very special day for chrismans. In britain we hare three or four days'holiday. I It's a happy time.

People send Christmas cards and cecorate their houses with Christmas cards, holly and paper decoration -bells, chains and stars.

On Christmas Eve everyone pust their presents under the tree.

During the night Father Christmas comes and puts presents in the stockings.

In the evenings before Christmas people sing special songs Christmas Carol.

Everyone buys presents for their damuly and friends. They open their presents on Christmas morning. For Christmas dinner people eat roast turkey, roast potatoes, green vegetables ans sauces. Then they have the Cristmas pudding.

At five o'clock it's time for tea and Christmas Cake.

The day after Christmas is Boxing Day.


People visit their families or go to parties.

Say true of false according to the text

- Christmas day, 25th december, is a very special.
- People send Christmas cards
- People decorate their with Christmas cards, holly, books and records.
- On Christmas day everyone pust their presents.
- During the nighth father Christmas comes.
- People sing Christmas cards in the evenings before Christmas.
- The open their presents on Christmas morning.

Say if these traditions are Spanish/Galicia or British

- For Christmas dinner they eat filloas and cod with vegetables.
- Drinking champagne.
- Decorate houses with Jesús-'Birth.
- For Christmas dinner they eat sea bream and nougat.
- Buying presents.
- Going to mass at 12:00 on Christmas Eve.
- Writing the letter to the Three Wise Men.
- Singing Christmas Carols.
- Having twelve grapes at New Year's Eve.
- For Christmas they have turkey and Christmas Pudding.
- Father Christmas pust presents in the stockings.



CRUCIGRAMA DO NADAL

Nivel: intermedio (7º e 8º); punto lingüístico: vocabulario; destreza: expresión escrita; material: fotocopia; léxico: vocabulario propio do Nadal e procedemento: os alumnos completan o crucigrama só en sentido horizontal, seguindo os números e aténdose ás ilustracións para descubri-la mensaxe oculta na columna central.

O NADAL NA CLASE DE INGLES

Noiteboa internacional

Nivel: Principiantes (6º), intermedio (7º, 8º).



Punto lingüístico: Freed-back.

Destreza: Falar, escoitar, ler e escribir.

Material: Cartulinas, cores, recortes, pegamento...

Léxico: Repaso do vocabulario traballado na unidade.

Procedemento: Os alumnos, distribuídos en grupos, elaborarán cadanseu mural reflexando unha noiteboa internacional que integre tradicións das 3 culturas en canto á cea, decoración da casa, panxoliñas... Contribuirán á ambientación navideña da aula.



Crucigrama do Nadal (1)

Nivel: Principiantes (6º).


Punto lingüístico: Vocabulario.

Destreza: Expresión escrita.

Material: Fotocopia.

Léxico: Vocabulario do Nadal.

Procedemento: O alumno debe escribi-lo nome dos distintos debuxos no lugar correspondente.



Traballo en parellas: Completa-lo debuxo

Nivel: Principiantes (6º) e Intermedio (7º-8º).

Punto lingüístico:

Principiantes:

- Have got
- There is / There are.

Intermedio:

- Have got.
- There is / There are
- Preposicións.

Destreza: Comprensión e expresión oral.


Materiais: Fotocopia.

Léxico: Decoracións do nadal. Preposicións.

Procedemento:

Principiantes: Os alumnos A e B describen alternativamente a súa árbore ata completa-los dous debuxos cos mesmos elementos.

Intermedios: O mesmo pero as árbores resultantes deberán ser idénticas (igual nº de elementos e colocados no mesmo sitio).



Decorámo-la nosa árbore

Nivel: Principiantes (6º) e Intermedio (7º-8º).

Punto lingüístico: Principiantes: -Imperativo.

Intermedio: -Imperativo. -Preposicións.

Destreza: Comprensión oral.

Materiais: Fotocopias/Lápices de cores.

Léxico: Decoracións do Nadal. Cores. Preposicións.

Procedemento:

Principiantes: O profesor da ordes para que os alumnos decoren a súa árbore colocando libremente os elementos. Ex.: Draw three red bells.

Intermedio: o mesmo pero o profesor indicará o lugar no que se debe coloca-los elementos mediante preposicións. Ex.: Draw a yellow star on the top.

Tres anos de traballo sen apoio institucional

O grupo "Living Experience" leva tres anos traballando na creación de recursos para a clase de inglés. Todo escomenzou cando a formadora de formadores de inglés reuniu ó seu carón un grupo de profesoras con ganas de traballar polo seu perfeccionamento na didáctica da asignatura.

A partires dese momento fixeron xuntas cursiños, xornadas; e tamén reunións semanais intercambiando experiencias, confeccionando actividades para as súas aulas e realizando proxectos de traballo para conseguir da Administración medios e recoñecemento do seu labor como seminario ou grupo de traballo oficial.

Nos primeiros tempos, tiveron que reunirse en cafeterías tranquilas, despois atoparon unha aula nun colexio, tiveron problemas e desprazáronse fora da cidade (Centro de Recursos, de Mende).

Outra tempada xuntáronse na Anxa e Escola de Maxisterio. Agora voltaron á "cafetería tranquila".

No curso 1989-1990 idearon unha unidade didáctica co motivo do "Día das Letras Galegas", onde buscan actividades con semellantes entre a lingua inglesa e galega. Por non ter medios para a súa difusión, encargouse diso o Centro de Recursos de Ourense, enviando exemplares os distintos colexios de EXB da provincia. Por comentarios posteriores, sabemos que gustou moito ós profesores de inglés, e elas mesmas, que a experimentaron nas aulas, quedaron satisfeitas de ver que os seus alumnos disfrutaban con este tipo de actividades.

Un ano antes tamén deseñaron unha unidade didáctica para a "Semana da prensa", con actividades a partires de xornais e revistas en lingua inglesa.

Esta proposta de actividades foi elaborada por:

Manuela Casal Domínguez - C. P. Carballeda de Avia

María Consuelo Fernández Dibuja - C. P. Sober (Lugo)

Belén Fernández Gil - C. P. Cortegada

Socorro Fernández Rodríguez - C. P. Ribadavia

Carmen Quintana Rodríguez - C. P. Inmaculada (Ourense)

Generosa Rey Quintas - C. P. Ribadavia

M.ª Carmen Rubio Piñeiro - C. P. Rosalía de Castro (Xinzo)

Os dereitos humanos non é cousa dun día. Por iso o Día dos Dereitos Humanos só debe servir para avivarnos a memoria, para non esquecer o noso compromiso diario con algo tan fundamental como son os dereitos humanos. Son moitos as organizacións que realizan un traballo permanente a prol dos memos e solicitan a miúdo a nosa colaboración.

Non é este o momento oportuno de citas, porque sempre esqueceríamos algunha fundamental. O traballo destes colectivos pola paz non sempre engloba obxetivos pedagóxicos, polo que é labor nosa, dos ensinantes, transformar o seu material de investigación, información e divulgación nun material educativo e didáctico específico.

Novos materiais didácticos sobre temas como dereitos humanos, paz e educación

Conven solicitar os materiais e logo realizar un traballo en grupo, en seminarios permanentes para axear os discursos históricos, filosóficos, sociolóxicos ou políticos, á realidade da nosa escola e as recomendacións didácticas e metodolóxicas.

Non sempre as institucións son alleas ás preocupacións pedagóxicas, por elo cada vez máis inclúen materias deseñados como unidades didácticas. Ademais de todos os xa coñecidos da década dos 80, analizados nalgún número anterior de Na Escola a nova década mantén o interese de grupos e editoriais pola temática pedagóxica dos dereitos humanos e outros aspectos de educación para a paz. Citaremos algunhas obras para información dos lectores, sen obviar a nosa obriga de facer unha recensión máis exhaustiva noutros números do suplemento.

Sobre racismo

A Cruz Vermella sorpréndenos gratamente con novas actividades educativas, esta vez mediante a campaña en favor das vítimas da guerra e a publicación de materias como "La protección de la infancia en el marco del derecho internacional", de Stella Maris González (1991) e "Tercer Mundo y racismo en los libros de texto", de varios autores (1990).

O racismo é, asimesmo, obxecto doutros análises de actividade nas obras de Calvo Buezas: "Los racistas son los otros" (Popular, Madrid 1989); "El racismo que viene" (Tecnos, Madrid 1990); "¿España racista?" (Anthropos, Barcelona 1990); na de Dean: "Historia en blanco y negro. Manuales escolares en Suráfrica". Cun enfoque máis didáctico están plantexados os traballos de Rafael Crespo (1991): "Racismo ¿Qué tiene que ver eso conmigo?" (Sos. Racismo, Barcelona); "Generalitat valenciana (1990): "Cultura gitana: propostas para un traballo intercultural en la escuela". Dirección General de Centros y Promoción Educativa. Consellería de Cultura, Educación i Cien-



Debuxo dunha alumna de 7º do colexio Curros Enríquez, de Celanova.

cia, Adarra (1990); Centros de interese específicos con niños y niñas gitanos (Bilbao). Papel del profesorado de EGB, con niños y niñas gitanos (Bilbao 1990). En fin para unha comprensión plena do racismo polos escolares, a situación de Suráfrica segue a ser paradigmática. Entre os moitos traballos xa coñecidos, compre-

A investigación para a paz é outro ámbito que conta con aportacións recentes entre as que podemos salientar a "Anuario del C.I.P.", número 4 (1991); "La situación del mundo, 1991" (CIP/ Edicións Apóstrofe, Madrid); "Las mentiras de una guerra" (Editorial Deriva, Barcelona 1991) e para os afezoados á psi-

centran a atención dos estudosos, tanto de análises teóricas como de propostas curriculares. Unhas e outras son importantes para axudar a enfocar as preocupacións educativas dos ensinantes de tódolos niveis. Conven lembrar a atención concedida ó tema pola Cruz Vermella, a Unesco, Amnistía Internacional, Asociación Pro-Dereitos Humanos, así como por diversos grupos de Educación para a Paz e sindicatos de ensino.

Alfonso Banda (1991) e Xesús R. Jares (1991) son autores de sendos libros para a paz, o primeiro en catalán da editorial Barcanova, e o segundo en castelán, da editorial popular. O autor galego ofrece a súa obra con maior profundidade teórica, despois de terno acostumbrados a publicacións didácticas, tanto en galego como en castelán. Freire, continuando a súa traxectoria de pedagogo concientizador, publica "La naturaleza política de la educación. Cultura, poder, liberación" (Paidós, MEC).

No noso contexto destacan as orientacións didácticas do colectivo de Nova Escola Galega

citar: "Apartheid la moderna esclavitud. Programa educativo", da Comunidade de Madrid (1990).

En conexión co problema do racismo está a inmigración e os dereitos dos refuxiados, cuestións analizadas en "El derecho de asilo", de Diego López Garrido (Trotta, Madrid 1991, 334 pp).

cología dos comportamentos relacionados cos conflitos bélicos, "Psychological dimensions of war", de Betty Glad (Sage Publications, London, 1990).

Educación para a paz

A educación para a paz en xeral e os dereitos humanos tamén

Paz e Dereitos Humanos "Na Escola"

O suplemento noso de Na Escola trata habitualmente esta temática da paz e dos dereitos humanos, con propostas de actividades soltas nos primeiros números e con números monográficos a partires do segundo ano.

Propostas de actividades ailladas poden atoparse nos suplementos do 14 e 28 de abril; 19 de maio; 3 de xunio e 14 de decembro de 1988.

Os monográficos escomezan o 7 de decembro de 1988 sobre "Dereitos Humanos", a cargo do Seminario de Filosofía do Institutó de Bachelato das Lagoas (Ourense) e intensificáronse a partires do ano 89: "Educación para a paz", o 11 e 25 de xaneiro; "Adeus a un loitador da educación para a paz" (18 de xaneiro); "Día da muller traballadora" (8 de marzo); "Apuntes de educación ambiental" (26 de abril); "5 dexurño día mundial do medio ambiente" (31 de maio); "A colonización" (11 de outubro).

Número 45

O 11 de outubro, sae o número 45 simultaneamente nos diarios de La Región e Atlántico Diario, auto-esixíndonos un esforzo maior por tratar temas monográficos. Este labor non nos foi difícil cando se trataba de abordar a problemática da educación para a paz: "Xogos de simulación" (12 de decembro); "Constitución do medio ambiente" (9 de xaneiro de 1990); "Paz e formación do profesorado" (23 de xaneiro); "Coeducar é educar para a paz" (30 de xaneiro); "América nas vísperas do Descubrimiento" (11 de outubro); "A educación ambiental no curriculum de ciencias naturais" (15 de novembro); "Xogos e xoguetes cooperativos" (29 de novembro); "O Apartheid" (6 de decembro); "Entrevista a Miguel Martínez sobre o xogo" (20 de decembro); monográficos de educación para a paz (17, 24 e 31 de xaneiro de 1991); "Os docentes e a guerra do Golfo Pérsico" (14 de febreiro); "NEG en defensa da paz" (21 de febreiro); "As mulleres contra a guerra" (7 de marzo); "Declaración sobre a supervivencia, protección e desenvolvemento do neno e a nena" (14 de marzo); monográfico da educación para a paz (25 de abril); "Educación sexual na escola" (16 de maio); "Un amigo do outro lado da raia" (12 de novembro).

Ademais inclúese recensións de novidades bibliográficas, tanto teóricas como materiais didácticos, fichas, carpetas, vídeos, etc...

PELOURIÑA



Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Manuel Alvarez Cruz
Cecilia Bello Rodríguez
X. Manuel Carballo
Cristina Carruncho
Xosé Manuel Cid
Xosé A. Fontelo
Beatriz Sarria Carballal

Humor:

Xoan Manuel Andrade.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

